

IGREXA DE SANTA BAIA

Estamos diante dun edificio que supera en deseño, tamaño e riqueza ornamental ao prototipo de templo parroquial. Foi construída no ano 1711 e presenta planta en forma de cruz latina. No interior destaca a bóveda de cruzaría que decora a nave principal, dividida en tramos mediante arcos faixóns. As cubertas das capelas laterais é mediante bóvedas de canón, ao igual que o da ábsida, aínda que esta última aparece decorado dun casetonado.

No interior garda tres retablos de estilo neoclásico e un gótico, destacando o que se levanta no altar maior, de estilo barroco e dotado de grande dinamismo, tallado no ano 1774. Este, aparece presidido polo escudo dos Marqueses de Mos que ostentaron o beneficio de presentación desta parroquia. Pagou a obra a comunidade relixiosa e o abade da parroquia; o autor foi o pintor Rodrigo Rouco y San Román, veciño de Lavadores.

Na capela do lado dereito existe un sartego medieval datado no ano 1115 que acolle os restos mortais de Eusebio, o primeiro abade da parroquia. O sepulcro, labrado en granito, aparece cuberto por unha tapa de dobre estola.



A igrexa a principios do século XX

Foto Pacheco

A cúpula, formada por gallóns, elévase sobre un tambor poligonal

As campás do campanario datan de 1815, 1887 e 1913, e foron fundidas polos Pellón en Arcos (Ponteareas) e Mechor Ocampo (Arcos da Condesa)

Os pináculos coraan os esquinais da fachada, conferíndolle unha barroca sensación de inestabilidade

Os xanelos dobres de forma de 8 horizontal son un tipo de oco infrecuente nas igrexas parroquiais

O reloxo, instalado no primeiro terzo do s. XX, foi realizado polo reloxeiro vasco Lecea y Murua, de Araba

A porta aparece flanqueada por pilastras e columnas de orde toscana. Na clave do centro, unha folla de acanto.

Etimoloxía e historia

Do grego Eulalia 'elocuente, que fala ben'. En galego houbo diversas variantes deste nome que perviven nos títulos das parroquias e nos apelidos: Santalla, Santabaia ou Santoalla. Santa Baia (séculos III-IV) foi mártir en Mérida ou en Barcelona, pois as dúas cidades disputaron a súa procedencia; trátase da mesma persoa, pois coinciden na lenda, na idade e no tipo de martirio. En todo caso é a santa con culto máis antigo na Península Ibérica.



Deputación
Pontevedra



Concello de
Mondariz